

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 27 DE NOVEMBRO DE 2015

FAVORABLES.-

LIC/166/2015.- MARIA TERESA RODRÍGUEZ BARTOLOMÉ.- Conceder a licenza para executar as obras de reforma de local na rúa do Preguntoiro nº 21 – Baixo.

LIC/1307/2012.- CONVENTO DE SAN FRANCISCO DE SANTIAGO.- Conceder a licenza para executar as obras de reforma interior de espazos anexos a cociña do Hotel Monumento San Francisco sito na rúa Camiño de San Francisco.

LIC/1308/2012.- CONVENTO DE SAN FRANCISCO DE SANTIAGO.- Conceder a licenza para executar as obras de execución de vestiarios para persoal do hotel sito na rúa Campiño de San Francisco.

LIC/1309/2012.- CONVENTO DE SAN FRANCISCO DE SANTIAGO.- Conceder a licenza para executar as obras de recuperación da escaleira de servizo do Convento de San Francisco.

LIC/1097/2015.- COLEXIO MAIOR UNIVERSITARIO SAN AGUSTIN.- Conceder licenza para executar as obras de limpeza, lavado e pintado de fachada norte na rúa de Santo Agostiño nº 19 – Rúa Virxe da Cerca nº 31.

LIC/1005/2015.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS ALFREDO BRAÑAS, 22.- Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade e conceder a licenza para executar obras de reforma e substitución de ascensor existente e arranxo de portal dun inmovible sito na rúa Alfredo Brañas nº 22.

LIC/189/2015.- ALEJANDRO OTERO ADRAN.- Conceder a licenza para a construción dun galpón para apeiros de labranza en lugar de Verdía de Arriba.

LIC/21/2015.- MANUEL DUBRA REY.- Conceder a licenza para executar obras de reforma interior na rúa da Raiña nº 16.

LIC/2093/2014.- FLORES AL INSTANTE, S. L. U.- Conceder a licenza para executar obras de reforma na rúa da República Arxentina nº 21 Esc 01 000 B.

LIC/1883/2014.- ZAIDA TERESA BARCENA MATO.- Conceder a licenza para executar as obras de reforma para perruquería na rúa Santa Clara nº 11 – Baixo.

DESESTIMENTO.-

LIC/865/2008.- MARIA MAGDALENA VARELA LEIS.- Aceptar o desestimento á licenza de obras para a execución dunha vivenda unifamiliar en lugar Sarela de Abaixo.

RECTIFICACIÓN.-

LIC/293/2015.- WERFEN ESPAÑA SAU.- Rectificar de oficio o acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela na sesión do 17 de xullo de 2015.

DEVOLUCIÓN DE FIANZA.-

LIC/1705/2015.- RECAMBIOS SANTIAGUESES, S.L.- Acceder á devolución da fianza depositada para responder da reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/1086/2006 relativas ás obras de construción de naves en polígono de Boisaca Parcela B37 e B38 SUNP-34.

LIC/1739/2015.- INMOBILIARIA PAXONAL, S. L.- Acceder á devolución da fianza depositada para responder da reposición dos servizos urbanísticos que resulten afectados como consecuencia da execución das obras autorizadas no expediente LIC/760/205 relativas ás obras de construción dun edificio de 8 vivendas, locais, garaxes e trasteiros na parcela 3 da UA-2 PERI VIEIRO.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de reforma de local na rúa do Preguntoiro nº 21 - Baixo. LIC/166/2015. Apróbase a licenza.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de reforma interior de

espazos anexos a cociña do Hotel Monumento San Francisco sito na rúa Camiño de San Francisco. LIC/1307/2012. Apróbase a licenza.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de execución de vestiarios para persoal do hotel sito na rúa Campiño de San Francisco. LIC/1308/2012. Apróbase a licenza.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de recuperación da escaleira de servizo do Convento de San Francisco. LIC/1309/2012. Apróbase a licenza.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de limpeza, lavado e pintado de fachada norte na rúa de Santo Agostiño nº 19 - Rúa Virxe da Cerca nº 31. LIC/1097/2015. Apróbase a licenza.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á autorización da excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade e conceder a licenza para executar obras de reforma e substitución de ascensor existente e arranxo de portal dun inmovible sito na rúa Alfredo Brañas nº 22. LIC/1005/2015. Apróbase a proposta.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a construción dun galpón para apeiros de labranza en lugar de Verdía de Arriba. LIC/189/2015. Apróbaes a licenza.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar obras de reforma interior na rúa da Raíña nº 16. LIC/21/2015. Apróbase a licenza.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar obras de reforma na rúa da República Arxentina nº 21 Esc 01 000 B. LIC/2093/2014. Apróbase a licenza.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de reforma para perruquería na rúa Santa Clara nº 11 - Baixo. LIC/1883/2014. Apróbase a licenza.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa a aceptación do desestimento á licenza de obras para a execución dunha vivenda unifamiliar en lugar Sarela de Abaixo. LIC/865/2008. Apróbase a proposta

13.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á rectificación de oficio o acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela na sesión do 17 de xullo de 2015. LIC/293/2015. Apróbase a proposta.

14.- Propostas do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativas a devolución de fianzas. Apróbase a proposta.

15.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á suspensión cautelar de uso hoteleiro e residencial comunitario na cidade histórica con motivo da reforma do PE-1. Apróbase a proposta

16.- **Recepción de obras.** Apróbase o inicio de trámites para proceder á recepción das obras do sector 21-San Xoán de Afora (Romaño)

17.- **Desestimento da licitación Actuacións varias no Sector 21 - O Romaño.** Acórdase desistir do procedemento de licitación das obras, despois dun informe técnico que conclúe que o proxecto debería ser actualizado para darlle cumprimento á nova Lei de Accesibilidade.

- 18.- Desistimento da licitación das Obras para actuacións varias en Guadalupe-Vite Sector 40.** Acórdase desistir do procedemento de licitación das obras, despois dun informe técnico que conclúe que o proxecto debería ser actualizado para darlle cumprimento á nova Lei de Accesibilidade.
- 19.- Convenio de colaboración con MERCADO DE ABASTOS, S.COOP. G. para dinamización da Praza de Abastos.** Apróbase o convenio de colaboración, polo que o Concello fai unha achega de 10.000 euros para a dinamización da Praza de Abastos.
- 20.- Propostas da Alcaldía relativas a devolución de fianzas.** Apróbase a proposta.
- 21.- Rectificación de erros do punto 27.1 e 27.5 da Xunta de Goberno de 30 de outubro de 2015.** Apróbase a proposta.
- 22.- Proposta de anulación do acordo de recoñecemento de obriga aprobado pola Xunta de Goberno de 7 de agosto de 2015, correspondente a certificación nº3 das obras de "Execución das actuacións previas á posta en funcionamento do Catalizador Cultural de Belvís" en contía de 112.393,50€, así como proposta de aprobación de nova certificación nº3 das obras de referencia en contía de 114.313,52 €.** Apróbase a proposta.
- 23.- Recoñecemento extraxudicial de crédito.** Apróbanse varios expedientes de recoñecementos extraxudiciais de crédito, por un importe total de 457.662,71 euros.
- 24.- Recoñecemento de obrigas ao amparo do artigo 19.8 das bases de execución.** Apróbase o recoñecemento de obrigas, por un importe total de 212.617,70 euros.
- 25.- Proposta da Alcaldía relativa á execución da campaña gañadora do III concurso de proxectos de publicidade comercial en galego.** Apróbase a proposta, que supón unha achega de 4.000 euros á empresa gañadora do concurso, Eisensoa SL (Moksín)
- 26.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade relativa á modificación da solicitude de subvención á Secretaría Xeral da Igualdade, para a promoción da igualdade para o ano 2015.** Modifícase a solicitude de subvención para corrixir un erro relativo á non inclusión dos gastos directos do persoal xestor do Programa de Conciliación para o que se solicita a axuda.
- 27.- Proposta da Alcaldía relativa ao convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Asociación Cultural Cidade Vella.** Apróbase o convenio de colaboración coa Asociación Cultural Cidade Vella, para a realización dunha serie de actividades que pretenden dinamizar o casco histórico, incentivar a creatividade e asentar un modelo de programación de proximidade, de pequeno formato, respectuoso co medio ambiente e co descanso dos veciños. Os horarios de celebración destas actividades serán entre as 20.00 horas e a 01.00. Aquelas que non vaian ser amplificadas celebraránse dentro do horario de apertura do local, e as que vaian ser amplificadas terán como límite as 00:00 horas, agás as que se celebren de venres a domingo, que rematarán como máximo á 01:00 horas.
- 28.- Proposta da Alcaldía relativa ao convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Fundación Gonzalo Torrente Ballester.** Apróbase o convenio de colaboración, que contempla a realización de diferentes actividades (exposicións, visitas guiadas, conferencias e talleres) que teñen como obxectivo difundir a figura e a obra de Gonzalo Torrente Ballester, e a súa vinculación con Santiago. O orzamento previsto para estas actividades é de 41.091,85 euros.
- 29.- Proposta da Alcaldía relativa á sinatura do convenio cultural entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación do Conservatorio de Música Tradicional e Folque.** Apróbase o convenio de colaboración cultural, por un importe de 8.000 euros.
- 30.- Proposta da Alcaldía relativa á sinatura do convenio cultural entre o Concello de Santiago de Compostela e a Sala Capitol.** Apróbase o convenio de colaboración cultural, por un importe de 9.000 euros.
- 31.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á sinatura do convenio para o financiamento do Bacharelato Internacional do IES Rosalía de Castro. Ano 2015.** Apróbase o convenio, por un importe de 6.208 euros

32.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa ao Programa municipal de conciliación para o Nadal 2015. Apróbase o programa de conciliación que se desenvolverá nos CEIP As Fontiñas e raíña Fabiola durante o período de vacacións escolares de Nadal: 21, 22, 23, 24, 28, 29, 30 e 31 de decembro de 2015, e 4 e 5 de xaneiro de 2016. O horario será de 9 a 14 horas, coa posibilidade de solicitar un servizo de madrugadores con almorzo (de 7:45 a 9.00 horas) e un servizo de comedor (de 14:00 a 16:00 horas). Ofértanse 100 prazas para as actividades e obradoiros, e 50 para madrugadores e para comedor. O orzamento do programa é de 13.550 euros.

33.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación das bases do IX Premio Internacional "Compostela" para Albums Ilustrados. Apróbase a proposta.

34.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativo á sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a empresa Xestión de Actividades Deportivas e Espectáculos (XADE). Apróbase a proposta.

35.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e a Universidade de Santiago de Compostela para desenvolver o programa "Ruptura de parella, non de familia e servizo de mediación familiar extraxudicial". Apróbase o convenio, polo que o Concello lle fará unha achega de 25.000 euros á Universidade de Santiago

URXENCIAS

1.-Aprobación da execución dunha sentenza xudicial, que lle obriga ao Concello ao pago dunha débeda de 23.252,34 euros en favor dunha procuradora.

2.-Aprobación da proposta de adhesión do Concello de Santiago ao programa Platea 2016, do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, a través do INAEM. O Concello participará na iniciativa coa cesión do Teatro Principal e do Auditorio de Galicia para a celebración dos espectáculos contemplados no programa.

3.-Aprobación dun expediente de modificación de crédito, por unha contía de 653.000 euros.